

**Cal é o concello galego  
con maior número  
de parroquias rurais?**

**HÉCTOR CAJARAVILLE**

A parroquia é unha demarcación territorial en principio sen carácter xurisdiccional, que ten a súa orixe na división eclesiástica altomedieval (aínda vixente), trasladada logo ao ámbito civil. Esta mestura entre relixión e oficialidade, propia tamén de varios países da nosa veciñanza, acada en Galicia o seu grao máximo, ata o punto de que aquí as *parroquias* (ou *freguesías*, nome máis empregado en Portugal pero tamén recollido na nosa tradición, e que por tanto se utilizará neste artigo como sinónimo de parroquia) si son recoñecidas como entidades poboacionais cos seus dereitos e, ás veces, con competencias propias.

Non obstante, a súa orixe remota e non exclusivamente administrativa fai que o cómputo das parroquias que conforman un determinado concello non sempre sexa doado de realizar. E esta dificultade detéctase en maior medida nos municipios que teñen unha zona urbana máis desenvolvida, nomeadamente as cidades e as vilas cabeceira de comarca, pois nese tipo de contornas é onde máis claramente se detectan as diferenzas entre o cómputo administrativo e o eclesiástico (no nivel da xestión municipal as parroquias urbanas non adoitan contabilizarse, ou aglutínanse todas elas nunha única entidade de carácter xenérico).

En Galicia, o espectro casuístico cuantitativo abrangue desde concellos conformados por unha única parroquia (A Arnoia, Burela, A Illa de Arousa, Pontecesures, Rábade ou Mondariz-Balneario) ou por dúas (Arcade, Corcubión, Beade, O Grove, Meira, Melón, Pontedeira, Vilar de Santos) ata os que presentan unha división que rolda o medio cento de freguesías. Entre estes últimos hai catro que se disputan ser o municipio galego con maior número de parroquias rurais: Lugo (Lugo), Sarria (Lugo), A Estrada (Pontevedra) e Lalín (Pontevedra).

En función dos datos tirados das fontes documentais consultadas, e segundo os criterios que deseguida expoñeremos, ao longo deste artigo imos tratar de botar luz sobre esta cuestión.

## **1. Fontes e criterios de investigación**

### **1.1. Fontes de referencia**

Como se adiantou na introdución, a parroquia é unha entidade ao mesmo tempo administrativa e relixiosa, de modo que case sempre imos dispoñer de dúas fontes documentais ás que recorrer: a

**información municipal** (habitualmente en soporte web) e a **eclesiástica** (tamén en formato dixital a meirande parte das veces).

Contamos así mesmo cunha ferramenta que, polo seu carácter exhaustivo, debe terse en conta ao nivel das dúas referidas: o **Nomenclátor de Galicia** (<https://www.xunta.gal/nomenclator>), base de datos desenvolvida pola Xunta de Galicia cunha función principalmente toponímica (recompilación e distribución dos nomes de lugar: lugares, parroquias e concellos).

A maiores, na Rede é posible pescudar outras informacións de carácter complementario; a **Galipedia** (versión galega da Wikipedia: <https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>) achega unha completa información sobre cada un dos 313 concellos galegos e a súa división administrativa, incluso ata o nivel dos lugares ou aldeas. E tamén os **medios de comunicación** poden achegar datos de interese, especialmente as seccións de ámbito local.

A todas estas fontes recorreremos, en maior ou menor medida, ao longo dese traballo, para logo tratar de establecer as pertinentes conclusións á vista dos datos recollidos.

## ***1.2. Criterios de inclusión e exclusión***

O principal criterio para a inclusión dunha parroquia neste estudo será **a súa mención en polo menos unha das fontes mencionadas**, xa sexa un inventario administrativo ou eclesiástico.

A nosa premisa de partida é que a parroquia constitúe unha **entidade singular do ámbito rural**, mentres que nas cidades e vilas ten unha función unicamente relixiosa, polo que deste traballo **se excluirán as parroquias urbanas**, cuxa inclusión provocaría ademais unha maior distorsión nos resultados ao non haber consenso en canto ao repartimento por parroquias das capitalidades municipais nos concellos estudados.

Nas listaxes ofrecidas nas seguintes aliñas marcarase sempre en vermello a parroquia (ou parroquias) de carácter urbano, para indicar así que non forman parte deste estudo.

## **2. Concellos estudados**

### ***2.1. Lugo***

A Galipedia (<https://gl.wikipedia.org/wiki/Lugo>) achéganos unha información contraditoria, xa que afirma que o concello de Lugo está

distribuído en 55 parroquias, aínda que logo indica que este municipio “está composto por 59 parroquias”. Con todo, a listaxe ofrecida é de 55 elementos:

1. Adai (Santa María Magdalena)
2. Bacurín (San Miguel)
3. Bascuas (Santa María)
4. Bazar (San Remixio)
5. Benade (Santo Estevo)
6. Bocamaos (San Xián)
7. Bóveda (Santa María)
8. Burgo (San Vicente)
9. Calde (San Pedro)
10. Camoira (San Estevo)
11. Carballido (San Martiño)
12. Coeo (San Vicente)
13. Coeses (Santa María Magdalena)
14. Cuiña (Santa Eulalia)
15. Esperante (Santa Eulalia)
16. Gondar (Santa María)
17. Labio (San Pedro)
18. Lugo
19. Lamas (Santa Eulalia)
20. Mazoi (Santa Eulalia)
21. Meilán (Santiago)
22. Monte de Meda (Sta. M<sup>a</sup> Magdalena)
23. Muxa (Santa María)
24. Ombreiro (San Martiño)
25. Orbazai (San Miguel)
26. Outeiro das Camoiras (S. Salvador)
27. Pedreda (San Vicente)
28. Pías (San Vicente)
29. Piúgos (Santiago)
30. Poutomillos (San Martiño)
31. Prógalo (Santiago)
32. Recimil (San Lorenzo)
33. Ribas de Miño (San Mamede)
34. Romeán (San Pedro)

35. Rubiás (San Xián)
36. Saa (Santiago)
37. San Mamede dos Anxos
38. San Martiño de Piñeiro
39. San Pedro de Mera
40. San Román
41. San Salvador de Muxa
42. San Xoán de Pena
43. San Xoán do Alto
44. San Xoán do Campo
45. Santa Comba
46. Santa María de Alta
47. Santa Marta de Fixós
48. Santalla de Bóveda de Mera
49. Santo André de Castro
50. Soñar (San Pedro)
51. Teixeira (Santa María)
52. Tirimol (San Xoán)
53. Torible (Santa Mariña)
54. Veral (San Vicente)
55. Vilachá de Mera (San Xián)

Na web municipal (<http://lugo.gal/gl/parroquias>) a cifra redúcese a 54 entidades (non se inclúe a xenérica *Lugo* que aglutina as pertencentes á zona urbana). Entrementres, no inventario da web da diocese de Lugo (<http://www.diocesisdelugo.org/parroquias-y-arciprestazgos/>) resulta imposible coñecer a distribución por concellos, xa que o elemento base é o arciprestado.

En canto á cifra de 59 parroquias que atopa en ocasións (non só na Galipedia), non foi posible rastrexar cales son as freguesías que completarían esta cantidade, aínda que probablemente se deba á incorporación dalgunhas parroquias urbanas.

En calquera caso, tampouco así se explicaría por completo a diferenza, pois as parroquias da cidade de Lugo son moitas máis que as cinco que completarían esas 59; entre outras, Albeiros, San Lourenzo, Fingoi, As Gándaras, San Xosé, As Saamasas, A Milagrosa, Santo Antonio de Padua, San Francisco Xavier, San Froilán, San Pedro, Santiago...

Tras poñernos en contacto coa área de Turismo do municipio, esta foi a resposta recibida por parte de Luisa Fernández, técnica da Oficina de Turismo do Concello de Lugo, desde o enderezo [lugoturismo@concellodelugo.org](mailto:lugoturismo@concellodelugo.org) (04/08/2018, 14.41): “Mando enlace da páxina oficial do Concello de Lugo; onde aparecen as parroquias. <http://lugo.gal/gl/parroquias>.” É dicir, dáse por boa a listaxe de **54 entidades parroquiais** do ámbito rural que se mostra na web municipal.

## **2.2. Sarria**

A Galipedia (<https://gl.wikipedia.org/wiki/Sarria>) indica que o concello lugués de Sarria está distribuído en 50 parroquias, aínda que logo (como sucedía co concello que alberga a capitalidade provincial) presenta unha listaxe cun elemento máis, 51:

1. Albán (Santa María)
2. Barbadelo (Santiago)
3. Belante (Santa María)
4. Betote (San Vicenzo)
5. Biville (San Miguel)
6. Calvor (Santo Estevo)
7. Camiño (San Mamede)
8. Castelo dos Infantes (Santiago)
9. Cesar (San Salvador)
10. A Chanca (San Mamede)
11. Chorente (San Xulián)
12. Corvelle (Santa María)
13. Fafián (San Xoán)
14. Farbán (Santiago)
15. Ferreiros (San Sadurniño)
16. Fontao (San Martiño)
17. Frades (San Xulián)
18. Goián (San Miguel)
19. Lier (Santa María)
20. Loureiro (San Martiño)
21. Lousadela (Santo Estevo)
22. Louseiro (San Martiño)
23. Maside (San Pedro)

24. Mato (San Salvador)
25. Meixente (San Xulián)
26. Nespereira (Santiago)
27. Ortoá (Santa María)
28. Oural (San Xosé Obreiro)
29. A Pena (Santa María)
30. Piñeira (San Miguel)
31. A Pinza (San Salvador)
32. Requeixo (San Martiño)
33. Rubín (Santa Mariña)
34. San Fiz de Reimóndez
35. San Fiz de Vilapedre
36. San Miguel de Vilapedre
37. San Pedro de Froián
38. San Sadurniño de Froián
39. San Salvador da Pena
40. San Vicenzo de Froián
41. San Xulián da Veiga
42. Santalla de Arxemil
43. Santo André de Paradela
44. Santo Antolín
45. Santo Estevo do Mato
46. Sarria (S. Salvador, Sta. Mariña, N.S. do Rosario)
47. Seteventos (San Pedro)
48. A Veiga (Santiago)
49. Vilamaior (Santa María)
50. Vilar (Santa María)
51. Vilar de Sarria (San Salvador)

A parroquia urbana (46, Sarria) aglutina tres freguesías (San Salvador, Santa Mariña e Nosa Señora do Rosario). Esta distorsión produto da integración nunha soa de todas as parroquias que conforman a vila principal do municipio (xa o vimos no caso de Lugo) adoita ser unha das explicacións da diferenza de cómputo entre unhas fontes e outras, xa que no ámbito relixioso se mantén a división dentro da localidade mentres que a nivel administrativo toda a entidade poboacional se contabiliza como unha única parroquia aínda que coexistan varias no seu interior. En calquera

caso, neste traballo non se terá en conta a zona urbana nin as súas tres parroquias.

Cómpre aclarar que en varias das fontes consultadas non se fai mención á parroquia de Oural (26). Isto débese a que se trata dunha entidade de nova creación, produto do incremento no número de habitantes pola instalación dunha empresa cementeira no lugar. Aínda que non é frecuente, en ocasións o aumento de poboación obriga á escisión dunha parte da freguesía (un caso recente é o da parroquia do Milladoiro, no concello coruñés de Ames, antes pertencente a Biduído). Así recolleu a prensa a noticia da creación da nova parroquia:

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lemos/2005/03/16/oural-logra-identidad-propia/0003\\_3552903.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lemos/2005/03/16/oural-logra-identidad-propia/0003_3552903.htm)

O *Nomenclátor de Galicia* tampouco inclúe Oural na listaxe de parroquias (si como lugar pertencente á parroquia de Chorente), de modo que manexa a cifra de 50 que se achega tamén en Galipedia. Probablemente a ausencia de Oural como parroquia se deba ao feito de que a elaboración do *Nomenclátor* é anterior ao ano 2005, data de creación desta freguesía a partir de senllos lugares das parroquias de Chorente e San Sadurniño.

En canto á páxina web da diocese de Lugo (<http://www.diocesisdelugo.org/parroquias-y-arciprestazgos/>), tal e como xa se indicou, malia incluír a lista completa das súas 1139 parroquias non permite unha distribución por concellos, xa que emprega para a distribución o arciprestado. Cómpre aclarar, en todo caso, que a parroquia de Oural non está incluída, aínda que curiosamente nesa mesma web se ofrece unha ligazón á parroquia de San Xosé Obreiro de Oural: <http://accionpastoralinterparroquial.blogspot.com/>

A web municipal, na sección de “Poboación e Parroquias” ([http://www.sarriaturismo.com/index.php?option=com\\_content&view=article&catid=117&id=107&Itemid=209&lang=es](http://www.sarriaturismo.com/index.php?option=com_content&view=article&catid=117&id=107&Itemid=209&lang=es)) fala de “49 parroquias rurais e 3 urbanas”, pois non recolle a de Oural. Tras poñernos en contacto coa área de Turismo a través do seu enderzo de correo electrónico ([turismo@sarria.es](mailto:turismo@sarria.es)), esta foi a resposta recibida (13/08/2018, 13.25, asinada por Cristina Zaera): “Esta poboación se reparte en 185 km<sup>2</sup> de extensión del municipio formado por 52 parroquias, 49 rurales y 3 urbanas (S. Salvador, Sta. Marina y El Rosario). Si entra en la página web del concello [www.sarria.es](http://www.sarria.es) en el



apartado de Turismo, como llegar puede ver los nombres de las parroquias.”

Por tanto, engadido Oural, podemos consolidar a cifra de **50 parroquias rurais** como definitiva para o concello de Sarria.

### **2.3. Lalín**

No caso de Lalín sucede algo similar ao observado en Sarria, pois a Galipedia (<https://gl.wikipedia.org/wiki/Lalín>) ofrece información contraditoria. Así, por un lado indícase que este municipio está conformado por “48 parroquias” (resumo lateral), mentres que no mesmo texto se afirma que Lalín “ten unha poboación de 20.158 habitantes (2014) e divídese entre o núcleo urbano, onde viven máis de 10 000 persoas, e as 52 parroquias do rural”. A listaxe de parroquias que se ofrece é a seguinte:

1. Albarelos (Santa María)
2. Alemparte (Santa María)
3. Anseán (Santiago)
4. Anzo (San Xoán)
5. Barcia (Santo Estevo)
6. Bendoiro (San Miguel)
7. Bermés (Santa María)
8. Botos (San Xoán)
9. Busto (San Facundo)
10. Cadrón (Santo Estevo)
11. Camposancos (San Cristovo)
12. Cangas (Santa Mariña)
13. Castro de Cabras (San Pedro)
14. Catasós (Santiago)
15. O Cello (San Martiño)
16. Cercio (Santiago)
17. Cristimil (San Xurxo)
18. Doade (San Pedro)
19. Donramiro (Santa María)
20. Donsión (Santa Baia)
21. Filgueira (Santa María)
22. Galegos (San Miguel)
23. Goiás (San Miguel)

24. Gresande (Santiago)
25. Lalín (Santa María das Dores)
26. Lebozán (Santiago)
27. Lodeiro (San Paio)
28. Losón (Santa Baia)
29. Maceira (San Martiño)
30. Madriñán (Santo Adrao)
31. Méixome (Santiago)
32. Moimenta (San Lourenzo)
33. Moneixas (Santo Adrao)
34. Noceda (Santa María)
35. Palmou (San Xoán)
36. Parada (Santa María)
37. Prado (San Martiño)
38. Rodís (San Xiao)
39. Santiso (San Román)
40. Sello (Santiago)
41. Soutolongo (Santa María)
42. Val do Carrío (Santo André)
43. A Veiga (San Ramón)
44. Vilanova (San Xoán)
45. Vilatuxe (San Lourenzo)
46. Xaxán (Santa María da Saleta)
47. A Xesta (San Fiz)
48. Zobra (Santa Mariña)

É dicir, de novo 48 elementos. Porén, a web do concello lalinense incrementa esta cifra a 52 (<http://lalin.gal/acerca-de-lalín>):

- Alperiz: segundo a Galipedia, San Pedro de Alperiz ([https://gl.wikipedia.org/wiki/Alperiz,\\_Parada,\\_Lalín](https://gl.wikipedia.org/wiki/Alperiz,_Parada,_Lalín)) existiu de modo oficial ata 1890, para logo ser absorbida pola de Parada.
- Erbo: segundo a Galipedia, a parroquia de San Pedro de Erbo ([https://gl.wikipedia.org/wiki/Erbo,\\_Lalín](https://gl.wikipedia.org/wiki/Erbo,_Lalín)) existiu de xeito oficial ata 1890, para logo ser absorbida pola de Palmou.
- Fontecabalos: a parroquia de San Mamede de Fontecabalos ([https://gl.wikipedia.org/wiki/Fontecabalos,\\_Lalín](https://gl.wikipedia.org/wiki/Fontecabalos,_Lalín)) existiu de forma oficial ata 1890, para logo ser absorbida pola de Sello.

- Palio: segundo Galipedia, a parroquia de Santa Baia de Palio ([https://gl.wikipedia.org/wiki/Palio,\\_Lalín](https://gl.wikipedia.org/wiki/Palio,_Lalín)) existiu de maneira oficial ata 1890, para ser logo absorbida pola de Rodís.

A estas aínda habería que engadir a parroquia de Lalín de Arriba, moi próxima á área urbana, que malia conservar igrexa parroquial e lindes ben delimitados (e persoas que se consideran desta parroquia), foi eliminada da listaxe eclesiástica e incorporada a Santa María das Dores de Lalín.

O *Nomenclátor de Galicia* manexa tamén a listaxe de 48 parroquias xa referida, e en canto á páxina web diocesana (<http://www.diocesisdelugo.org/parroquias-y-arciprestazgos/>), vén duceder o mesmo ca no caso de Sarria, pois Lalín forma parte da diocese de Lugo (cómpre aclarar en todo caso que ningunha das catro parroquias que a web municipal si mantén están recollidas no portal eclasiástico).

Finalmente, tras poñernos en contacto coa área de Turismo do municipio, esta foi a completa resposta recibida desde o enderezo de correo electrónico [infoturismo@lalin.gal](mailto:infoturismo@lalin.gal) (11/08/2018, 17.33, sen asinar):

*En realidade serían 53 parroquias, posto que na páxina do concello non conta a área urbana como tal (parroquia de Santa María das Dores).*

*A diferenza entre o número de parroquias vén do arranxo diocesano de 1890 polo que as parroquias que vostede cita [Alperiz, Erbo, Fontecabalos e Palio] deixaron de ser tales dende o punto de vista de organización eclesiástica. Non obstante, a nivel organizativo municipal e dende o punto de vista "social", seguen a considerarse entidades diferenciadas e contan con locais sociais e mais cos seus respectivos "alcaldes de barrio" (salvo a capital municipal).*

*Os ditos alcaldes de barrio eran antigamente nomeados directamente polo alcalde e a partir da aprobación do Regulamento de Participación Cidadá son nomeados mediante elección.*

*Por se fosen do seu interese déixolle os seguintes enlaces:*

*Sobre os arranxos diocesanos:*

<https://historiadeza.wordpress.com/2017/09/20/relacion-de-las-parroquias-de-las-tierras-de-deza-desde-la-edad-media-hasta-la-actualidad/>

*Sobre as eleccións a alcaldes de barrio:*

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/deza/lalin/2016/01/24/lalin-inicia-dia-10-proceso-eleccion-alcaldes-barrio/0003\\_201601D24C2991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/deza/lalin/2016/01/24/lalin-inicia-dia-10-proceso-eleccion-alcaldes-barrio/0003_201601D24C2991.htm)

É dicir, no ámbito administrativo municipal as parroquias lalinenses non son 48, senón **52 freguesías** (tras desbotar a que integra a zona urbana), ao conservar Lalín de Arriba e as que se eliminaron por orde eclesiástica en 1890.

#### **2.4. A Estrada**

Para o municipio pontevedrés da Estrada, a web da Galipedia ([https://gl.wikipedia.org/wiki/A\\_Estrada](https://gl.wikipedia.org/wiki/A_Estrada)) ofrece unha cifra de 51 parroquias. Neste caso non se detecta contradición entre as diversas fontes: a parroquia da capital municipal (San Paio da Estrada) está sempre incluída, e ao tratarse dunha única parroquia para toda a localidade non se rexistran as diferenzas detectadas nos dous casos anteriores. A listaxe “de consenso” é a seguinte:

1. Agar (Santa Mariña)
2. Aguíóns (Santa María)
3. Arca (San Miguel)
4. Arnois (San Xiao)
5. Baloira (San Salvador)
6. Barbude (San Martiño)
7. Barcala (Santa Mariña)
8. Berres (San Vincenzo)
9. Callobre (San Martiño)
10. Cereixo (San Xurxo)
11. Codeseda (San Xurxo)
12. Cora (San Miguel)
13. Couso (Santa María)
14. Curantes (San Miguel)
15. **A Estrada (San Paio)**

16. Frades (Santa María)
17. Guimarei (San Xiao)
18. Lagartóns (Santo Estevo)
19. Lamas (San Breixo)
20. Liripio (San Xoán Bautista)
21. Loimil (Santa María)
22. Matalobos (Santa Baia)
23. Moreira (San Miguel)
24. Nigoi (Santa María)
25. Oca (Santo Estevo)
26. Olives (Santa María)
27. Orazo (San Pedro)
28. Ouzande (San Lourenzo)
29. Parada (San Pedro)
30. Paradela (Santa María)
31. Pardemarin (Santa Baia)
32. Remesar (San Cristovo)
33. Ribeira (Santa Mariña)
34. Ribela (Santa Mariña)
35. Riobó (San Martiño)
36. Rubín (Santa María)
37. Sabucedo (San Lourenzo)
38. San Miguel de Barcala
39. San Miguel de Castro
40. San Pedro de Acorados
41. San Tomé de Acorados
42. San Xiao de Vea
43. San Xurxo de Vea
44. Santa Cristina de Vea
45. Santeles (San Xoán)
46. Santo André de Vea
47. A Somoza (Santo André)
48. Souto (Santo André)
49. Tabeirós (Santiago)
50. Toedo (San Pedro)
51. Vinseiro (Santa Cristina)

Tamén o *Nomenclátor* presenta esta mesma división en 51 parroquias. Pola súa banda, a arquidiocese de Santiago de Compostela (á que pertence A Estrada) si que permite unha busca delimitada ás parroquias deste concello, pois unha das demarcacións eclesiásticas históricas (Tabeirós) correspóndese exactamente co seu termo municipal. Así, na páxina web da arquidiocese compostelá (<http://www.archicompostela.es/arciprestazgo-de-tabeiros>) volve aparecer de novo a listaxe de 51 parroquias xa coñecida.

Para reforzar o que parece ser o municipio que menos problemáticas ofrece para o cómputo das súas parroquias entre os catro analizados, a sucinta resposta que recibimos a través do correo electrónico [sanidadeeturismo@aestrada.es](mailto:sanidadeeturismo@aestrada.es) (03/08/2018, 14.47, sen asinar), tras a nosa consulta, foi a seguinte: “A cifra correcta de unidades parroquiais é de 51.”

Debe terse en conta que nestas 51 parroquias está sempre incluída a que acolle a zona urbana, de modo que para este traballo **a cifra final será de 50.**

### 3. Conclusións

As diverxencias á hora de contabilizar o número de parroquias dun municipio son debidas a diferentes causas, pero sobre todo radican na diferenza entre os ámbitos administrativo e eclesiástico á hora de considerar ou non parroquia unha área do termo municipal.

Esta diverxencia é moito máis evidente nas áreas urbanas, onde as autoridades eclesiásticas manteñen a división en parroquias mentres que os organismos municipais adoitan integrar todas nunha única denominación supraparroquial. Por ese motivo (e porque neste estudo analiamos as parroquias como ente rural), elimináronse as parroquias pertencentes á área urbana.

En canto á finalidade deste estudo (saber cal é o concello galego con maior cantidade de parroquias rurais), e á vista dos datos, podemos establecer a seguinte orde entre os concellos incluídos na investigación:

- **Lugo:** este concello está dividido en **54** freguesías rurais, o que o converte no municipio galego con maior número de entidades parroquiais, mesmo unha vez eliminadas as urbanas.
- **Lalín:** presenta **52** parroquias, tras omitir a da área urbana e incluír Lalín de Arriba e outras catro freguesías históricas

(Alperiz, Erbo, Fontecabalos e Palio) que o goberno local segue considerando entidades con singularidade de seu dentro do seu organigrama de xestión municipal. Estes datos sitúan o a capital do Deza no segundo posto en número de parroquias rurais entre os municipios galegos.

- **Sarria:** a listaxe de parroquias rurais é de **50**, toda vez eliminadas as tres da área urbana e engadida unha de nova creación que a web municipal non recolle (Oural, instaurada no ano 2005).
- **A Estrada:** a cifra que se achega desde as diversas fontes é sempre a mesma, 51 concellos, á que habería que restarlle a que aglutina toda a poboación urbana, para obtermos un total de **50**; é dicir, Sarria e mais A Estrada compartirían así o terceiro posto deste ránking.